

A NOSA TERRA

Idearium da «Irmandade da Fala» na Galiza e nas colonias
d'América e Portugal

ANO MCMXXI



SUMARIO

Pol-a irmá Irlanda.—O Xenio Peninsular, por Ribera y Rovira.—*O notabre manifesto dos intelectuaes flamengos*.—*Rey Soto ¿nazonalista?*—*Versos novos, de Manoel Antonio*.—*Unha proposición de lei agraria*.—*Consulta aos literatos i-artistas galegos*.—*A poesía de Noriega* (versos) de Rodríguez Elías.—*¡¡Altoll!*.—*Aldraxe inglés-catalán*.—*Esquecidos unha vez mais*.—*Ramón Cabanillas en Cataluña*.—*Galiza e Portugal*.—*Follas Novas* (libros e revistas).—*Peneirando*.—*A Pardo Bazán merece mais*.—*Xoias infusibres e infumabres* (caricatura de Castelao).

PREZOS DE SUSCRIZON: Na Cruña, ô mes, 40 ctmos.; Fora, trimestre, 1'50 ptas.
América, trimestre, 2 ptas.; Coste d'un número, 15 ctmos.—Pagos adiantados

Redaición e Administración: Praza María Pita, 17, baixos, CRUÑA

Lea vostede,

NOS

Bolelin mensual da cultura galega. Orgao da sociedade galega de publicaci3n «N3s»

DIREITOR: Vicente Risco

Editase en Ourense

Redaici3n e Administraci3n: Padre Feij3o, 12

| | | |
|-------------------|-------------------------------------|------------------|
| Abonamento | Doce n3meros, na Pen3nsua | 6 ptas. |
| | » » Fora | 15 » |
| | N3mero solto | 0'60 na Pen3nsua |
| | <u>1'50 fora</u> | <u></u> |

Lloyd Real Holand3s

ANSTERDAN

KONINKLIJKE HOLLANDSCHE LLOYD

Servicio r3pido por vapores correios desd'a
Cru3a e Vigo cada tres semanas

L3nea de Am3rica do Sur

| | | | | |
|-------|---------|--------|-------|-------------|
| Vapor | correio | r3pido | . . . | «LIMBURGIA» |
| Id. | id. | id. | . . . | «Brabantia» |
| Id. | id. | id. | . . . | «GELRIA» |

L3nea de Cuba-M3jico e Nova Orleans

| | | | | |
|-------|---------|--------|-------|-------------|
| Vapor | correio | r3pido | . . . | «HOLLANDIA» |
| Id. | id. | id. | . . . | «FRISIA» |
| Id. | id. | id. | . . . | «ZEELANDIA» |

Admiten pasaxeiros de Primeira, Segunda, Intermedia e Terceira crase.

As prazas te3en que solicit3rense con anticipaci3n.

Informar3 sobre precio de pasaxe e cablda

D. Raimundo Molina e Couceiro,-Consignatario na Cru3a e Vigo

Banco Espa3ol del R3o de la Plata

Sucursal na Cru3a - Casa matriz: BOS AIRES

FUNDADO EN 1886

Capital. . . Pesos 100.000.000'00 m/ ou sexa Ptas. ouro 220.000.000'00

Fondo de reserva (ineruida prima a recibir) Pesos 50.055.224'97 m/ ou sexa Ptas. ouro 110.121.797'93

Ten sucursaes nos puntos seguintes:

REP3BLICA ARXENTINA: (Casa matriz, Bos Aires), ROSARIO DE SANTE F3, BAH3A BLANCA e principais prazas da Rep3blica

NO URUGUAY: MONTEVIDEO — NO BRASIL: RIO XANEIRO

EN EUROPA: MADRID, BARCELONA, VALENCIA, VIGO, BILBAO, A CRU3A, SEVILLA, PAR3S, LONDRES, X3NOVA E HAMBURGO

A Sucursal da Cru3a enc3rgase de efectuar por conta dos seus clientes toda cr3s de operaci3n bancarias nas condici3n m3is favorabeis e acretar3 intrases nas contas correntes, tanto en pesetas como en moedas estranxeiras a tipos excepcionalmente ventaxosos

| | | |
|---|-------|--------------|
| En conta corrente, intr3s anual | 2 | por 100 |
| En Caixa de Aforros, con libreta hasta 1.000 ptas., | 3 | » » |
| En prazo fixo de tres meses | 3 | » » |
| Idem id. 6 meses | 3 1/2 | » » |
| Idem id. un ano. | 4 | » » |
| A m3is prazo | | convencional |

Direi3n telegr3fica y telef3nica: SPAINBANK.

A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCENAL

ANO V—NÚMERO 140 — 15 MAYO 1921

Pol-a irmá Irlanda

Documento que lle foi entregado
ao Embaixador da Inglaterra
en Madrid

Les représentants des Fraternités e Jeunes Nationalistes de Galice, réunis en Assemblée á la ville de Vigo ayant considéré que la violente repression á que est soumise la Nation Irlandaise, revolté en armes pour revendiquer sa liberté, est un attentat contre le Droit des Peuples á disposer d'eux memes qui es le fondement de tout le Droit public moderne, et encore contre le Droit des Gens respecté par tous les peuples civilisés du monde, par justice, par humanité, et par solidarité de race et d'aspiration avec la Nation Irlandaise, manifestent sa plus énergique protesta contre cette repression et prient a V.^a Exill.^a de faire arriver au Gouvernement de la Grande Bretagne cette protestation et la supplique de que telle repression cesse et que les droits de la Nation Irlandaise soient légitimement reconnues.

A Vigo le 18 Avril 1921

(A protesta ia duplicada, en francés e galego.)

O Genio Peninsular

O mesmo que o noso, o pobo portugués e musical, amoroso, elegiaco. As cántigas portuguesas son repadas de ingenuo bucolismo e gracia idilica. En algunhas obras de certo polígrafo hespañol lí que o Romancero luso era un desdobraemento sin orixinalidade do Romancero castellano e que o Cancioneiro portugués era un eco de reminiscencias e plagios de

lirico castellano-galego ou asturiano. E'tanto como negar a raza e a historia portuguesa; e tanto como atrair ao temperamento luso sua ingénita propensión á poesía e é ridicolo pensar en que un pobo que fixo unha epopeia, precisou da allea poesía e da música alleia para rimar os seus altos feitos. E' descoñecer a modalidade musical lusa tan característica: e non ter ouvido as mil variantes do "fado", nin ter presenciado unha "cantada ao desafío", nin ter presenciado unha "esfollada", nin ter acompañado un rancho de ceiteiros ou de tricanas na apañá da azeitona ou nas festas pagans da vendimia, nas "malladas", nas "espadeladas"; nin ter vistos os líricos cortejos das tunas académicas nas suas serenatas; nin ter embarcado no Mondego, nin ido as festas de S. João, em Braga ou en Vianna; nin ter asistido aos arraiais, aos cirios, ás romarías; nin ter pasado unhas horas de paz nas brancas ermidiñas dos montes escalvados; nin ter esculado a voz arrastrada, o cantar dos marujos lusitanos con alma de gondoleiros... e, sobre todo, é non ter ouvido con absoluta identificación espiritoal e física, aquele rosario de pérolas, maravillosas cantigas e romances líricos populares que Alfredo Keil—grande corazón—recolleu nas suas pregrinacións folklóricas por terras portuguesas.

Portugal ten un admiravel e genuino Cancioneiro. Non negarei que algunhas cancións lusas teñan asimilado motivos musicas galegos.

De certo. A comunidade da época trobadoresca entre os pobos do noroeste ibérico, e aínda a lenda poética de "Santiago da Galiza", que tamaña atracción devota exerceu, explican ese fenómeno. Aliás os eruditos portugueses nunca negaron iso. Teophilo Braga, na sua "Historia da Literatura Portuguesa", afirma que as tradicións e cantos populares do Minho, completanse pelo estudo simultaneo e comparativo das tradicións da region galecio-portuguesa, substractum d'unha nacionalidade que se definía na orla marítima de oeste, e que chegou a abranger a Beira." Mas iso non tira aos portugueses a sua genialidade folklórica. E' bastante para se convencer diso un lixeiro estudo comparativo dos cancioneros peninsulares e admirar as magnificas coleccións de Resende, da Vaticana, de Collocci-Brancuti, e aínda a serie inestimavel do patrimonio lirico espallada desde o "Livro das trovas" de "El Rei Dom Duarte" até os Cancioneiros da Biblioteca de Madrid, o do Abade don Martinho, e o do Conde de Menalira. Sarmiento e o Marqués de Montebello constatan a facilidade con que as mulleres portuguesas e galegas inventan as cantigas. O facto de na música miñota acharen-se, algures, reminiscencias líricas galegas, non destroe a comunidade do cancionero portugués. Non admira iso:

Os viños do Ribeiro

ARNOYA FINO

Siñifican o máximu d-a "delicadeza"

Bodegas da Viuda e Fillos de Xoán Fuentes—Ourense

Representante na Cruña: Waldo Losada

esas coincidencias dan-se frecuentemente entre países afastados. Na "cantiga" portuguesa, na "copla andaluza", na "canço" mallorquina, na "corrande" catalá, na jota valenciana e aragonesa, na "parranda" murciana, na "leyenda" asturiana, na "muiñeira", "alalá" e "foliada" galega, no "zortzico" basco, en toda esa epopeia admiravel do pobo que non se forma por adición—como descobre o ilustre Felip Pedrell—achareis bocados do sentimento, da alma peninsular.

Da música castellana popular descoñezo a influencia: pol-a simple razón de non ter Castela música popular. Con efecto, Castela non tivo vagar para cantar: engalñada na súa obra de conquista e de dominio, só o estridor das armas e dos combates lles apetecía; envergando secularmente, a cota de malla e a armadura d'aço e o negro elmo de viseira descida que lle abafava o canto, non tivo espazo para esprañar as suas melodias populares. Nos tempos de gesta a sua musica devia ser unicamente belica, litúrgica. O mestre de capela da Catedral de Burgos, en 1901, deca-me que él descoñecía o cancionero castellano. Excursionando, un día, por terras de Castela, perto do Escorial, pedí a un vello camponés a esmola d'unha cantiga popular: o home cantou a "jota" aragonesa como reminiscencia mas longinqua da sua mocidade: non sabia mais nada: e con todo, aquel home era un autentico representante da raza Castellana. Os vellos cantan a música emprestada do Aragón; os rapaces novos cantan motivos melódicos das "zarzuelas" de "género chico e infimo", os últimos degraus da miseria musical do genio castellano. Foron realmente as regiões as que enriqueceron o patrimonio lírico de Castela, e é co'a calificación de "música hespañola" que agora se pretende descaracterizar as procedencias regionaes—como outr'ora se fixo co'a literatura e a arte. Son o Aragón co'as suas "jotas", e a Andalucía c'os seus "ais"!—cantos que choran, pungentes arremeses de desdita, exprimido mais un mal fisico que queren abafar a berros, a golpes de "pandero e repiqueo de castañuelas", do que unha dôr moral silenciosa—o aluvion que engrosa a paupérrima música popular castellana.

RIBERA Y ROVIRA.

Formoso manifesto dos nazionalistas flamengos

Decátate e deprende, mocidade galega sin alma

Pubricase en terra de Flandes, na histórica Gante, unha nova revista, TER WAARHEID («A Verdade»), colega da nosa en paralelismo d'ideial, órgao da derradeira promoción flamenga d'artistas e homes de letras. No primeiro número lanzou un manifesto xeneroso e nobre. Pol-a sua amplitú de perspeitivas humanas e pol-a sua fe patriótica e artística que s'affirma, imos traducilo. Vai enderezado a «todol-os que pensan en Flandes», e resume as suas afirmacións: «Lanzar-á conquista da Verdade a vida das ideas—en Flandes—i-en todo o mundo.»

«Por riba de Flandes, como por riba de todo o mundo, pasa un ciclón, asovallando c'unha violencia cada vez máis fonda a consciencia espiritoal dos homes, verdadeiro caos de luz e de tebras.

No fondo dos abismos de mentiras e bestialidade: o angurioso layo das almas abnegadas.

Nós queremos sel-a voz da yalma humana na comunidade humana.

Berro, brado violento hacia a verdade integral, a nosa voz.

Apostolado pol-o trunfo da verdade na vida das ideas; apostolado para pulear aos homes camiño da libre grandeza por:

A Arte

e a proclamación da verdade na vida das ideas dos individuos, da comunidade flamenga, da comunidade humana total.

Os fundamentos d'esta verdade, a doutrina de Cristo: justiza pol-o Amore.

Canto ao estilo d'esta voz, poseerá:

A sinceridade do que quere sere implacabelmente verdadeiro, A pura humanidade do que coñece o divino i-o demoniaco da i-alma humana e a intensa nobreza da sua cubiza en ollar toda bondade e toda grandura.

A sinxeleza do que estima a vida con amore puro e grande.

A gravidade do que olla a vida baixo o seu horizonte d'eternidá.

A Arte: forza que alumea e fai xermolar beleza, limpando asin a i-alma dos homes, ennobrecéndoa e ceibándoa, hasta que, aténdendo por meio de autoliberación ô desenvolamento compreto e harmonioso da sua persoalidade, háxase trocado ela mesma beleza, querse dicire, «día» para os homes.

Beleza: escintileo da verdade; revelación do eternal, do infinito, do divino en total-as formas i-en todol-os xeitos da vida.

Verdade na vida inteleitual dos individuos.

Nosoutros queremos sere, no fosco sepulcro no que se ten trocado o mundo, a violencia que esnaquizará portas e fenestras para que entre en corrente escintiladora de lume, mais que a irradiación vital heroica: o éxtasis da eterna mocidade na vida libre, na única lei de verdade.

Nosoutros faceremos caer todol-os ídolos, e libres da asoballante mediocridade anunciarémol-o evanxelio da pura humanidade: tel-a coraxe de ser un mesmo en toda verdade; construir a nosa vida como unha obra de arte que deita beleza c'unha necesidade istintiva. Xenreira contra toda mentira e todo egoísmo. Grandeza única e aristocracia d'alma.

A i-alma i-a consciencia son os afinçamentos intangibeis do direito humán e da beleza humana. Somentes poderá limparnos un ateigamento d'amore pol-a vida grandiosa e doorosa: sempre divina.

Verdade na vida intelectual da comunidade flamenga.

Os homes viven en comunidades étnicas: lei natural.

Nos somos flamengos, e os flamengos nosos irmaos, mais a caron noso dicímoslle primeramente:

Eis o mensaxe:

Cada pobo ten non só o direito, senón tamén o deber estrito de ser ele mesmo. Asin o queren a ley natural i-a estética mundial. Que cada pobo realice na plenitude da vida a sua propia beleza a fin d'aumentar a bondade da creación divina.

E perciso, entón, que cada pobo seja señor de sí mesmo, se concrete en nazião, se governe en Estado autónomo. Eisiste un pobo flamengo; ten obriga este pobo, custe

o que custe, de chegar a plena posesión da súa persoalidade étnica.

Nación i Estado, como todo outro organismo, non ten outra razón d'existenza que servir ós homes no seu camiño cara a perfección.

O Home i-a Vida son intangibeis. «Todo» ostáculo á súa marcha hacia a verdade i-a realización de si mesmo, ten de ser esnaquizado sin piedá. Morte, pois, para todo imperialismo e para todol-os seus satélites e pseudo-patriotas, para toda coación de prensa, para o militarismo e toda outra barballocada turba. A Vida e a suprema beleza: que seja totalmente libre.

Verdade na vida intelectual da comunidade humana.

Mais ista voz non se endereza somentes aos homes da Flandes, senón a tódol-os homes, ja que todol-os homes son irmaos. Axuntados en pobos pol-a forza da natureza, atópanse seguindo camiños diversos na arela céntrica da mesma perfección, son os mesmos diante do destino, estimando c'o mesmo amore a vida.

E vel-aquí o mensaxe:

Tóodl-os pobos teñen de se uniren n'unha sociedade geral de pobos onde a unidade humán será a suprema síntese harmoniosa da diversidade das nacións, realizada en verdade i-en justiza.

Loita sin trégoas, porén, contra todo o que atura a distauración d'este orde.

A nosa generación, purificada pol-o sufrimento e cheia da savia de doore, impónselle a misión de salvar-a vida na absurda loucura que a asovalla.

E perciso que a sociedade human seja recostituída riba de bases de justiza para cada home. ¡Loita de crases! Nosoutros non recoñecemos senon homes que teñen os mesmos dereitos fundamentaes nados das mesmas leis de vida eterna.

«Somentes o que traballa ten dereito a vida».

«Estimai o voso prójimo com'a vosoutros mesmos.»

Rey Soto ¿nacionalista?

O "Eco de Galicia", da Habana, mandou un dos seus redactores a facer unha interviú c'o notabre poeta ourensano.

Este díxolle á aquil: "Son nazionalista galego". Sin dúbida en Rey Soto hai un nazionalista en potencia. Mas para que o sexa de feito é perciso que, coma nós, desbote a influencia magoadora de cinco séculos de mediatización castelán e sinta en galego para o que tense que falar a lingüa patria.

Os homes d'un pobo con lingüa propia que recoñecen que ese pobo é escravo d'outro que o ten dominado hasta pol-a imposición da súa lingua, e se chaman nazionalistas pro sin quereren nada co'a fala natural, para nós e para cantos pensen lóxicamente, ou son inconscientes ou pretenden facer parvos ós que os oucen.

Moita estimanza gardámoslle a Rey Soto, mas para coidalo nazionalista gardámol-as suas obras novas que o proben.

Pois obras son amores e non boas razóns. Rey Soto, na Habana, pódose decatar de que inda que el aspira ó renome de poeta hespañol, se non fose pol-a colonia galega ficaria alén esquecido.

Tivo éxito por ser galego e gracias ós galegos.

Universalizou alén o seu valor pol-o sentimento galeguista. Somentes por iso.

Serva d'exemplo.

Versos novos

UNHA D'AS LIRIDADES D'O SERÁN

Loito a tarde n'os cores derradeiros,
O hourizonte é un ensono d'imposibilidade,
Os cristos prometeos d'os cruceiros
pensan na súa soedade.

N'a campán invisíbel cousas mortas,
Os pinos soneantes abalentos,
N'as corredoiras
adiviñadas fondas e tortas
unha voce d'un carro d'anguria.

As primeiras estrelas
teñen un frío cadavrento.
Revoa un fracaso d'arelas.

O espírito estende un instinto amlgante.
De quen é ista tristura?
Apalpo unha fuxida.

Presinto un desacougo que perdura.
O espírito estende un instinto amigante.
Con quen layan as almas das cousas?
Sinto cair unha bágoa iñorada.

Alma irmán: ousas!
Alma irmán: somos dous!
Alma irmán: somos dous!
O eco é ningún...
Alma miña!
Alma miña: os dous somos un...!

MANOEL-ANTONIO.

D'interés agrario

Unha proposición de Ley

O senador señor Elías de Molins ten presentado a seguinte, que deben coñecer-los nosos labregos.

1. Se declaran libres del impuesto fiscal por el traspaso de la propiedad las adquisiciones de tierras hechas por los cultivadores, y las escrituras se formalizarán en papel de oficio, determinándose en un reglamento los derechos notariales y del Registro de la Propiedad y también las condiciones y requisitos necesarias para obtener dicha exención.

2. Mientras no esté establecido el crédito agrícola por medio de una ley, el Estado con conducto del señor ministro de Hacienda, gestionará cerca del Banco Hipotecario cuantas combinaciones sean prácticas a fin de hacer anticipos a módico interés y en lo necesario con garantía del propio Estado, para facilitar la adquisición de tierras para los pequeños cul-

tivadores, dictando también para ello el oportuno reglamento.

3. También recabará el Estado del Banco de España, con motivo de la prórroga del privilegio que expira en 31 de diciembre de 1921, que sin perjuicio de mejorar las condiciones conque actualmente realiza las operaciones con los Sindicatos agrícolas, destine un tanto por ciento de sus beneficios a facilitar anticipos a los propios Sindicatos, para que por su mediación puedan adquirir legítimamente tierras los pequeños labradores y hallar los auxilios necesarios para su cultivo.

4. Quedarán exentas del pago de contribución durante cinco años las tierras adquiridas por cultivadores cuya extensión no pase del número de hectáreas que se determinarán en el reglamento que se dicte, previa información entre las Asociaciones agrícolas".

Consulta aos escritores i-artistas galegos

Vénse enviando a todol-os mais notabres escritores i-artistas da Terra a seguinte carta circular, na que se puntualizan de xeito esquemático os principais problemas galegos para que aqueles poidan ofrecernos a súa opinión en col dos ditos problemas. Logo, publicaremos total-as opinións recibidas, sejan favorables ou adversas, como procedemento orientado-re.

Vel-aquí o texto da carta:

Distinto compatriota: Na III Asambleia Nacionalista Galega feita en Vigo, téñese tomado o acordo de se dirigir ás figuras da Nosa Terra mais saintes n'as letras, nas artes e nas ciencias, para que elas nos favorezan enviando a súa opinión, concreta canto mais poidan, tocantes ao movemento galeguista que as "Irmandades" iniciaron e siguen e seguirán puleando con fé e vontade. Queremos recoller as opinións i-os esforzos de todos en pró de chán-patrio.

Ora pois a vosté nos diriximos por consideralo incruído naquela categoría, rogándolle con moito amore teña a ben honorarnos c'o seu xuízo, seja éste adverso ou favorable, coincidente n'algo ou divergente ás cheias.

Decátese de que Galiza é unha "región natural" perfectamente definida conforme o concepto da Geografía moderna. Unha "región natural" con común conciencia histórica. C'unha raza filla do medio (paisaxe) é da herencia, diferenciada das mais da Península. "Región natural" con raza diferenciada e con lingua propia, que pesi-a cinco séculos de absoluto dominio castelán, inda s'emprega pol-a inmensa maioría dos seus habitantes, téndose feito n'ela unha literatura gloriosa. Región fronteriza a Portugal onde achase vivo un idioma que é o mesmo noso modernizado e que falan a par dos portugueses, a gran República americana do Brasil i-outros diversos povos do mundo (elementos para un xermolamento pangaleguista). Región atlántica chave d'América na Península. Región agro-pecuaria-mariñeira, única das suxeitas ao Estado hespañol, que vive agrilloada pol-o arancel centralista, non só falla de toda protección

para o seu progreso económico, senon perjudicada pol-o proteccionismo que fai xurdir ás outras, en imposibilidade de que poida ter desenvolvemento europeo nas industrias alleitadas á súa natureza dentro do réxime actual. "Única" tamen non ser sempre aldraxada d'antigo hasta hoje si trégola pol-os meirandes escritores como pol-o vulgo de fala castelán. Única, en non haber tido un representante verdadeiro, legítimo, feitura da vontade popular nas Cortes d'end'a Restauración. Unha das que mais paga o Estado e das que menos recibe do Estado. A que ten mais pequeno número de kilómetros de liña férrea. A que pertencendo a un Estado calquera da Europa, sería, sin dúbida, a mais próspera e rica da Península. A que lle non debe nada á unidade hespañola, como non seja a perda da súa personalidade. A que pol-as súas características naturais e pol-a súa situación geográfica é posíbel concebida vivindo independente, cal ningunha outra. A que disfrutando d'unha grande autonomía política e administrativa podería fragner a nación irmá Portugal, a unha alianza estreita, base da forte confederación ibérica cobizada, ofrendándolle ó mundo unha cultura propia, útil á humanidade co que cumpriría os mais altos destinos a que debe aspirar todo povo civilizado, i-ós que somentes renuncian as terras mortas que se resiñan a seren colonias (como Galiza o é de feito d'end'o século XV, despois que fora a primeira región da Península en loitar pidíndo gobernarse democráticamente por si mesma c'os irmandiños).

Decátese ben do devandito, pense no que somos, no que nos fixeron ser, e no que puidemos e inda podemos ser, pois s'ó así é doado "condicionarmos" as nosas exigencias patrióticas (relacionándoas c'os nosos valores en potencia). Porque seguirmos incondicioaes d'un mal Colonizador n'e posíbel.

Moi obrigados á súa resposta que agardamos para ben da Terra, fican seus s. s.

O Consello Permanente das "Irmandades"

A Poesía de Noriega

Istes versos foron lidos na sesión qu'o Instituto Histórico do Minho, de Viana do Castelo (Portugal), dedicon ó poeta galego Antón Noriega Varela, o día 28 de Febreiro do ano actual.

A yauga máis cristalina
máis pura é máis desexada,
é a que nace antr'os penedos
n-os corutos d'as montañas.

A poesía de Noriega,
que n'os pefuntos é nada,
é tan dulce e transparente
com'a yaugua da montaña.

¡Con qué pracer a bebemos
os d'eiqui, da terra baixa!
¡E coma, co-a súa linfa,
as nosas sedes apaga!

AVELINO RODRÍGUEZ ELÍAS.

!!ALTO!!

Rapaces da «Irmandade Céltiga», de Madrí, tendes razón: a colonia galega que merodea na vila-charca-cortesana, da noxo.

Porque noxento é ese homenaxe de lembranza a un xornal moribundo coma o «Liberal», que non lé ningúen que teña senso común. O «Liberal» e Rosón, duas momias, dous fósiles.

E noxenta tamén, esa «pelotilla» estúpida, propia d'escravos, do novo e xa vello «Centro de Galicia» ao Bugallal cacique, con miolo de segredario rural, conforme dixo muy ben Golcochea.

Sentimos bascas ante a imensa adulonería, propia d'animaes de sangue xeada.

¿Qué lle debe Galiza a Bugallal, imbéciles? Non mereceríades outro castigo que o de ir vivire aos feudos onde aquela «groria» manda en xefe.

Como se rirán os agrarios galegos de vosoutros, anacos de cadea máis que persoas.

¡Madrí, Madrí, todol-os Millán Priego son poucos para te civilizare!

Hai que desconfiar de cantos galegos—como non sexa por forza ou transitoriamente—vivan n'ese niñal de sapos, n'esa esterqueira, que dixo o poeta da raza.

Aldraxe inglés-castelan a Galiza

No noso querido cotéga de Pontevedra «El Pueblo» limos na sua interesante seición feita en galego o seguinte:

«O escritor inglés forxe Borróu na sua obra «La Biblia en España», que s'acaba de traducire o castelan, dí de Galizia unha chea de cousas aldraxantes e ridículas. ¿Como ningún boletín da terra lle donou unha resposta axeitada ás inxustas verbas do británico porpagandista da Biblia?»

Nosoutros inda non poidemos follear ese libro. Axiña que o vexamos falaremos d'il. Mas xa pensamos por adiantado que Borróu ten de ser un d'esos antipáticos ingleses que c'os ollos en branco lembran a Cristo mentras c'o curazón aceso de xenreira para Irlanda pide o esnaquizamento dos irlandeses. Un cristián partidario da lei do embudo.

Pro vaia pol-os moitos ingleses que nos teñen loubado. E vaia pol-o agarimo que agora coma decote nos teñen aos galegos os castelás que s'adican a traducire obras nas que se nos aldraxa, cando non poden aldraxarnos «orixinalmente» que é o adoitado.

¿E'inda hai quen cre na «unidade hespañola»? Como dixo Risco en Vigo, somentes os nacionalistas das diversas terras peninsulares ámanse entre sí. Isto é, sô os chamados arredistas (separatistas) s'entenden e queren. Y-os que falan d'unidade centralista descoñecense mutuamente e viven arredados (separados) en troques. ¿Este fenómeno paradóxico non é certo?

Esquecidos unha vez máis

N-unha revista madrileña que se adica escrusivamente a asuntos do insiño atopámonos cō que sigue: «Consejo de Instrucción pública—Pleno—Orden del día para la sesión del de Mayo de 1921—Asuntos.» Eiquí cítanse as cuestións a trataren na referida sesión, e antre elas figura asiñalada cō número 4 a seguinte: «Creación de la cátedra de Lengua y Literatura portuguesa en el Instituto de Cáceres.»

Coidámos que se non percisan comentarios. O feito é de tanto releve qu'él por si soio coméntase de abondo. Cáceres decatándose da importancia que pra Bistremadura supón no senso material de relacións económicas o cultivo do portugués, dada a sua condición de pobo fronteirizo coá República lusitana, traballa froitiferamente por trocare en realidade práctica as suas arelas de un meirande acaroamento a Portugal, que tan benéfico lle terá de sere no porvir. E isto sen que antre os dous países haxa vencellos saeas, filolóxicos, económicos nen de outro xeito. Soamente por simpre utilitarismo.

Galicia, terra irmá de Portugal, alongazón do país de alén o Miño, olla insensível, queda, indiferente, como outros pobos levan a cabo a tarefa qu'ela, instintivamente, por obriga natural, estaba chamada a faguere, de un xeito espontáneo.

Agora ben, verdade é que non hai mais Galicia que a Galicia das «Irmandades», a Galicia nazonalista. E ista Galicia xa ven faguendo a xuntanza íntima, estreita e fraterna, como endexamais se soñou, dos pobos que arreda o Miño.

A outra Galicia, a Galicia que poideramos coidare simbolizada e refrexada n-un pantástico Instituto que se dí de Estudios Gallegos, no que todo cultivo da fachenda e da vanidade persoal ten o seu asentó; e n-unhos señores como os que Compostela, a nosa cidade académica por antonomasia, ten de persoeiros nas Cortes da Hespaña, mais atentos a velare por Marte que por Minerva; isa Galicia se non preocupa de outros acaroamentos e de outras aproximacións que os que tenden a acurtaren a longanza coá Vila Podre, únicos que fan posiveis a eistencia de certos prestixios e de certas vidas inespricáveis...

Ramon Cabanillas en Cataluña

Cataluña sigue sendo, como decote, a nazonalidade única da Iberia onde os nosos valores son estimados. Brañas, Murguía e Rosalía atoparon naquela terra un agarimo fondo. A música galega foi alí loubada e divulgada en festas solenes.

El Cabanillas—o imenso—que xa atopou tradutores de moitos dos seus versos ent'os cataláns, agora vai ser ouxeto d'un novo homenaxe.

Na «Asociación Catalana d'Estudantes», de Barcelona, organizouse un ciclo de catro Lecturas comentadas. A primeira a base dos poemas de Josep Pijoan; a segunda, a base dos de Ferrán Soldevila; a terceira, a base dos poemas de Ventura Gasol, i-a derradeira, anunciada para a data do 19, a base dos poemas de Ramon Cabanillas, que comentará o ilustre escritor Tomás Garcés, quen despois tenciona facer un estudo da persoalidade do noso poeta da Raza na «Revista».

O intertroque cultural fraterno entre Galiza, Portugal e Cataluña, como se ve, váise intensificando, o que prova que pol-o galeguismo se camiña hacia o universalismo e que «diferenciar» é «universalizar», mentres a unificación—; oh parvos castelanófilos — e a morte.

FOLLAS NOVAS

Libros e Revistas

"ELEGIES ET BALLADES", de Duhamel.

Duhamel mostra unha tendencia fonda a humanizarse as cousas na dóore. A quentura das angurias humanas, para ele, non se comunica ao universo que xa ten a súa propia anguria: coida que non hai entr'o mundo i-o home un intertroque de doore. Son dous mundos dooridos i-arredados, hostiles en certo xeito.

Asin a lírica de Georges Duhamel ten a música d'aquela tristura que gurgulla nas "amargas decadencias". Nas "elegies" móstrase d'ise xeito. Mas o valor mais persoal do poeta no libro que comentamos áchase nas "ballades". A austeridade d'espresión i-a emoción direita acórdanse n'unha forza que fai lembrar as millores cántigas de gesta. La "Ballade de Fromentin Prunier" e a "Chanson de Roland" arrincan d'un mesmo latexo lírico n'un linguaxe primitivo e sinxelo. Poucas producións modernas fican tan lonxe da "literatura", como istas fermosas baladas que os cursis pseudo-poetas casteláns terían de coñocere.

"EL ESPEJO IRONICO", de F. Flórez.

Entr'a follarasca da literatura castelana d'agora f'pouco e posibel atopare que mereza a nosa atención. Lendo o que se produce en Castela ou infruido por Castela, decátase un de contado de que a árbore de espíritoalidá castelana ficou murcha vai para lonxe. E con todo xurden moitos imbéciles e parvos de raza diferente á do centro "paramérico"—alguns galeguiños entr'eles—que coidan facer algo con deitaren o seu pseudo-idealismo, excremento dos diversos idealismos europeos, en moldes casteláns. Como non seza para conquistar un fugaz renome utilitario, negación de verdadeira misión do arte, cousa que inda asin poucos conquiren non'os espicamos ese trabucamento.

Mas aló eles. Agora tencionamos dicer catro verbas sobre o derradeiro libro de W. Fernández Flórez.

"El Espejo irónico" proba como o humorismo s'omentes dase na Península entr'os portugueses miñotos, irmáns de raza i-entr'os galegos. O verdadeiro humorismo, s'entende. Así Fernández Flórez, Camba e Castela. E que nos disimule García Martí que descobre humoristas hasta en Cuenca, con grave aldraxe para Albacete onde coidamos que florecerá un horto humorístico dende que alí, fixo García Prieto un discurso de alta política liberal.

"El Espejo irónico" lése sin coller folgos, sin acougar un lemento, d'unha sentada. Ten un xeito tan galego d'ollal-as "cousas d'Hespaña", que fai gurgullar o sorriso nos beizos sin trégola.

O espírito de Flórez é com'unha lüpa composta pol-os ollos de todol-os galeguistas cultos, a través da que fita a vida pública feita da hexemonía moribunda de Castela. Asin alongado todo o ridículo do hespañolismo toma xeito caricaturesco.

Recomendamos, pois, a lectura, d'"El Espejo Irónico".

MONITOR.

Temos xa recibido tres números d'este novo boletín catalán que resulta moi interesante. E o pensa-

mento rexo, maturizado, dos puleadores do catalanismo que xa fican lonxe dos que inda andan a discutiren si Cataluña ten ou non dereito a ser libre.

No derradeiro número fala con senso admirabel Josep Carbonell da "Política peninsular" reñaciándose c'o viaxe d'"Alfonso XIII" á América. Dáse-lle resposta doada ó artigo "Un catalanista peninsularista e libre" que Araquistain publicou na "Voz", de Madri. "Araquistain—di o "Monitor"—parte do feito d'unha Hespaña-Estado na que se conte unha Cataluña-rexión, como se conta un Albacete-provincia. "Monitor" parte do principio d'unha Cataluña-Nación que arela ceibarse da Hespaña-Estado para constituire unha Confederación-Império, que percisa si ha chegarse a ista unidade peninsular que desapareza o que se chama Hespaña na súa estrutura actual."

"Monitor"—coma nós a de Galiza—quer a libertade de aCataluña coma iniciación d'un periodo constituyente d'unha liga de nacións peninsulares federadas para a común e mutua defensa territorial e para a máxima garantía da súa libertade nacional.

Folleto de José Agostinho.

E'un folleto escrito con verbas acesas acér dos "Jogos floraes" que, en xuntanza fraterna, o Sr. Cervantes Rodríguez, quere que faigan os poetas portugueses i-os galegos, no Porto.

José Agostinho demostra como na Iberia hai varias nacionalidades, sendo a que mais lles interesa a eles, ós portugueses, a galega, verdadeira irmá da lusitana.

Resulta un folleto cheio d'interés para nós este que gentilmente nos ten enviado o seu autor.

"BODAS DE VINHO", de Antonio de Cértima.

on gentil dedicación temos recibido un exemplar d'este libro de versos, moi ben editado pol-a "Pléiade Bairradina". Folleámolo con verdadeiro agrado. Hai poesías inspiradísimas nas que vibra un elegante senso pagán Antonio de Cértima, noso bô amigo, chegará a conquistar unha zona xusta entr'os líricos portugueses.

Reciba a embora afectuosa e fraterna.

"TALABRIGA".

Chegou ás nosas maos o primeiro número d'esta revista que un grupo d'intelectuaes namorados da súa Terra comenzou a publicar en Aveiro.

"A gleba vitoriosa—dice, pol-a Redación, Cértima—comeza a florecer numa resurrección espléndida, cubizada con avidez por todos os sedentos da verdadeira vida. Ha un feliz regreso á gleba. Na Loreña, Barrés (depois dos esponsais frementes de Mistral com a súa Provenza maravillosa), na Cataluña, Ribera y Rovira, D. Vicente Risco na Galiza, todos procuran na Terra a Suprema Emoción—belos, generosos, justos, empenhados na gloriosa cruzada de Beleza e Raza". E contribuir a esta florescencia en Portugal é o que cubiza a nova revista "Talábriga" á que saudamos con moito amore.

"LA REVISTA".

Temos recibido o número d'ista notabre publicación correspondente o 1.º de Maio, que ofrece un sumario moito interesante.

Noso amigo Tomás Garcés fala da Unidade dos nacionalismos: di que estes non son senon loitas para unha liberdade ampla; precursións d'unha humanidade millor que a nosa vontade prepara. Latexa, pois, un sô espírito nos diversos problemas nacionalistas. E o mesmo na Irlanda Católica que no Egipto musulmán.

Publica tamén fondos traballos orredor do centenario de Napoleón. Un estudo encol dos bailes suecos i-o manifesto interesantísimo dos intelectuaes flamencos nacionalistas.

PENEIRANDO

Os lancheiros de Vilagarcía acordaron boicotear a tódol-os carregadores de puntaes de pino con destino a Asturias, até conseguir a derogación da R. O. do Sr. Domínguez Pascoal, que estabeleceu o imposto d'esportación de vinte pesetas tonelada para favorecer a custo dos intereses xeneraes da Galiza os particulares d'unhas Empresas que, a base do absurdo proteccionismo oficial, reializan negocios que lonxe d'estimularen perxudican o progreso das industrias hespañolas.

Esos lancheiros son mais "civilizados" que tódol-os abogadiños e tódol-os membros de Cámaras de Comercio das nosas vilas. Valen por tódol-os discursos de tódol-os Congresos forestaes.

Son modelo de bós galegos; d'homes rexos e dignos.

Velan pol-os intereses do país, mentres concellos e catedráticos de un pobo universitario coma Compostela adicanse a pedir ó Goberno que troque centros de cultura por coartés.

Ténse inaugurado o Ateneio de Vigo con grande solemnidade.

O programa que a nova institución tenciona desenrolare é súrdo.

Deus queira que non fique en belo proyeuto.

Os vigueses deben decatarse de que os encantos dá sua ría ispiraron cantigas galegas que oxe aínda louban tódol-os homes esquisitos do mundo. Cantigas galegas en galego que por seren tan nosas e por levaren a nosa i-alma, fixéronse universaes. Que somentes se universaliza o diferenciado. Pois o cosmopolitismo é o valdeiro d'orixinalidade. O caos espiritoal.

I-o propio sô poden cantalo os "proprios do país" en senso trascendente.

Por iso se non fai por colaborar na formación d'unha cultura galega o Ateneio de Vigo, será un cadaver vestido á derradeira moda.

Din algús que non hai Teatro Galego.

Será millor ou pior, pro haino. E inda poderíamos aseverar mais: que en proporción é mais abundosa a produción d'obras teatraes galegas que a d'obras casteláns, n'estes derradeiros tempos.

Agora que unha cousa é o intenso i-outra o extenso. A característica da existencia d'un xénero literario radica na extensión. A intensión xa é unha sorte ou un froito de moitos tanteios. E chegar e encher, n'é posíbel.

Pol-o demais, inda sendo moi catalana pol-o ambiente "Terra baixa", de Guimerá, diciremos que moi-

to mais galego n'ise senso resulta "O Fidalgo", de San Lois.

Hai maor estudo da psicología da nosa raza no "Fidalgo", que da catalana en "Terra baixa", con ser esta unha produción admirabel.

E valen mais moitas obras do noso nacente teatro que as primeiras do Teatro catalán.

De xeito que o escomezo non é ruín de todo.

Orredor dos Bailes Suecos, dixéronse moitas parvadas por persoas que queren pasaren por cultas e modernas.

Poucos comprenderon cousa tan artística.

Inda que na Cruña teñen cáseque todos fachenda de poseeren unha grande preparación filarmónica.

Culpabres principaes d'isto son os xornaes. Que adican crónicas a dúas columnas a veladiñas de señoritas "bien" dicindo que resultan o non plus ultra da arte, e consagran maor espacio a unha noxenta becerrada, impropia de países civilizados, que a calquer manifestazón artística verdadeira.

GALIZA E PORTUGAL

No Porto, tenciónase facer por un grupo de intelectuaes portugueses unhos jogos floraes luso-galaicos, como já temos falado.

Pois agora tenciona que se fagan outros en Lisboa un jornal d'aquela urbe.

Y-o noso distinto amigo e irmán na cibdá lisboense Alfredo Pedro Guisado, refiríndose a isto nos di o seguinte:

"Diario de Lisboa" levantou a idea de se faceren n'esta capital, unhos jogos floraes luso-galaicos, Chamáronme e dixéronme que, como eu escribo galego e son pol-o corazón galego tamén porque soño meus país, me dirigise na Galiza a aqueles que visen con bos ollos a idea.

Como as "Irmandades da Fala" resultaron a única luz acesa no curazón da nosa Terra, a elas m'entrego co'a certeza de que hei ser ben acollido. Fai tempo que eiquí unha Comisión da que eu fago parte, ten erguido o nome da escravizada Pátria de Rosalía i-os portugueses teñen recibido con amor a nosa propaganda.

Agora pércisase que esta Comisión esteña sempre en estreita intelgencia coas "Irmandades da Fala" para que a propaganda resulte mais completa.

Non se esquezan de me mandaren dicir algo o mais agiña posíbel, porque o jornal de que teño falado, quer celebrar aqués Jogos floraes no Outono.

Voso amigo e correligionario lial,

Alfredo PEDRO GUÍSAO.

A NOSA TERRA

Suscríbese vostede

A Pardo Bazán merecía máis

Finou a condesa de Pardo Bazán. Nós témolo censurado moitas veces porque no seu corazón a corda galega andaba a floxear cáseque sempre.


Mas en ningures deixamos de recoñecer o seu talento. Talento superior ó de cáseque todol-os membros da Academia Española xuntos. Pési-o que, e para vergoña da cultura castelán, a Condessa non poido ser académico.

Morta a grande escritora, para nós excelsa estilista enantes que nada, atopamos imbécil o proceder do pobo da Cruña, o seu pobo natal, que non soubo ou non quis "sentir" a perda d'aquela como debería...

Sexa como queira a gallega e cruñesa Pardo Bazán era unha das mulleres máis gloriosas do mundo. Y-a primeira da Hespaña. Era o valor intelectual maior da Cruña, pol-o mesmo. Y-a Cruña da que son fillos adoptivos Gómez Carrillo, o aldraxador dos galegos, e García Prieto, o maragato, recibiu a nova da morte de doña Emilia con menos impresión que a de Dato, verbigracia.

E non hai dereito, cruñeses. Porque si esprotamos sempre que falamos da grandeza da muller gallega á Pardo Bazán, invocando entr'outros gloriosos nomes o seu, compre honoral-a súa lembranza.

Xoyas infusibles e infumabres



... Tamén téñense salvado do incendio da Capela das Reliquias de Santiago esta «palmatoria» estilo caciquil galego século XX, que anda a dal-as boqueadas, i-a galería do Pazo do Arzebispo que olla a prazo do Hospital. ¡Os amadores das Belas Artes están d'embora!

EFECTOS NAVALES

— DE —

Ferrer y Compañía-Sucadores

F. BERTRAN E MIRAMBELL

Vigo e a Cruña

Casa fundada en 1868

Artigos xeneraes pra equipo da Marina Militar, vapores, barcos de vela e pescadores.

FARMACIA EUROPEA

— DE —

Lopez Abente

— REAL, 55 —

A millor surtida da Cruña e un dos establecimentos da súa crase que máis honran a Galicia. Montada con arrego os derradeiros adiantos.

Gran H. Universal

Rua da Reina (da Raiña) 21 - LUGO

O mais novo e millor

Ten carto de baño moderno. Dispón de teléfono (núm. 116) e de coche da casa para todol-os trens.

O Gran H. UNIVERSAL merece ser visitado.

BANCO HISPANO-AMERICANO

MADRID

Capital: 100 millóns de ptas.

Dirección telegráfica: HISPAMER

SUCURSAES E AXENCIAS

Albacete, Alcoy, Alicante, Antequera, Badajoz, Barcelona, Bilbao, Cádiz, Calatayud, Cartagena, Cruña, Cabra, Cáceres, Castellón, Ejea de los Caballeros, Figueras, Granada, Gerona, Huelva, Huesca, Játiva, Jaén, Jerez de la Frontera, Logroño, Las Palmas, Lérida, Lorca, Málaga, Murcia, Olot, Palma de Mallorca, Pamplona, Ronda, Sevilla, Soria, Tanesa, Tudela, Valdepeñas, Valencia, Valladolid, Villafranca del Panadés e Zaragoza

Compra e venda de valores hespañoes e extranxeiros. — Custodia de alxaxas e valores. — Desconto e cobro de cupós, títulos amortizados e billetes de Lotería.

Troque, compra e venda de billetes e moedas extranxeiras. — Cartas de creto, e xiro sobor todol-os países. — Cobro e desconto de letras. — Prestamos e contas de creto sobor valores nacionaes e extranxeiros. — Contas correntes en pesetas nas que abaa intreses aos tipos seguintes:

| | | | | | |
|-------|-----|-----|--------------------------------|-----|-----------------|
| 2 | por | 100 | ao ano nas cartas disponibles, | â | vista. |
| 2 1/2 | por | 100 | id. | id. | a 3 meses data. |
| 2 3/4 | por | 100 | id. | id. | a 6 id. |
| 3 | por | 100 | id. | id. | a 1 id. |

Tamén abre contas en moeda extranxeira abonando intreses a tipos convencionaes.

COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE

Vapores Correos de gran velocidade ——— Servicios directos dende o porto da Cruña

Próximas saídas pra Habana e Veracruz

Direitamente da Cruña saídrá para Habana e Veracruz o

Vapor FLANDRE el 8 de Xunio

Prezos en Cámara

| | HABANA | VERACRUZ |
|--|---------------|---------------|
| Primeira crase (varias categorías) » | 1.350 a 3.600 | 1.475 a 3.500 |
| Segunda crase » | 1.100 | 1.200 |
| Preferencia » | 950 | 1.010 |
| TERCEIRA CRAS » | 500 | 515 |

A estos precios hai que añadir os impostos

O día fixo de saída anunciaráse oportunamente.

O pasaxeiro que desee embarcar ten de remitirle seguidamente o nome e mail-o importe do pasaxe, sen emprender nixas hias que feña a conformidade do Consinatario de que se lle reservou a praza. Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Pra toda cras de informes sóbor de datas de saída, prezos do pasaxe e tipos de flete, dirixirse o seu Consinatario.

D. NICANDRO FARIÑA, Rua de Compostela, esquina a Praza de Lugo

COMPANIA CHARGEURS REUNIS

Compagnie Francaise de Navigation

Línea Habre-Plata

El día 2 de Junio saldrá directamente de este puerto para los de Brasil, Montevideo y Buenos Aires, el vapor rápido

MALTE

Admite pasaxeros de 1.^a, 2.^a, 2.^a económica e 3.^a clase.

Precio del billete en tercera clase, 536'75

Línea Brasil-Plata

El día 17 de Junio, saldrá de este puerto para los de el Brasil, Montevideo y Buenos Aires el magnifico vapor rápido de 10.000 toneladas

SAMARA

Precio del billete en 1.^a clase, a Río Janeiro, ptas. 2.044; a Santos, 2.100; a Montevideo, 2.380; a Buenos Aires, 2.464.

En segunda económica, a Río Janeiro, Santos, Montevideo y Buenos Aires, pesetas 952.

NOTA.— Niños menores de 2 años, uno gratis por familia; de 2 a 5 años, cuarto pasaje; de 5 a 10 años, medio pasaje; y mayores de 10 años, pasaje entero.

Es necesario presentarse en la Agencia con cinco días de anticipación.

Para toda clase de informes dirigirse a los Agente generales para Espana:

ANTONIO CONDE (Hijos) Telegramas: CHARGEURS-Plaza de Orense, 2-CRUÑA

COMPAGNIE DE NAVIGATION SUD-ATLANTIQUE

Saída do porto da Cruña para Bahía, Río de Xaneiro, Santos, Montevideo e Bos-Aires

O día 21 de Marzo saldrá da Cruña o paquete correo

SAMARA

de 10.000 toneladas, admitindo carga e pasaxeiros.

| | Pernambuco | Bahia | Río Xaneiro | Santos | Montevideo | Bos Aires |
|----------------------------------|------------|-------|-------------|----------|------------|-----------|
| En primeira crase. Ptas. | 1.215'90 | | 1.506'90 | 1.555'40 | 1.700'90 | 1.749'40 |
| En segunda crase. » | 894'95 | | 967'70 | 991'95 | 1.064'70 | 1.113'25 |
| En segunda intermedia. » | 690'50 | | 690'60 | 690'60 | 690'60 | 690'60 |

Prezo do pasaxe en 3. crase a Brasil, Montevideo e Bos Aires (includidos impostos), Pesetas 521'75

Para mais informes dirixirse aos seus consinatarios:

ANTONIO CONDE (Fillos) Praza d'Ourense, 2--A CRUÑA

Camisería, Corbatería
e Guantería

Enrique Roca

REAL, 28-A CRUÑA

NOVELTY
PLANCHADEIRO DE MODA
GRANDES TALLERES
DE LAVADO E PRANCHADO DE ROUPA NOVA E DE USO
Despachos centrais: A CRUÑA, Cantón Pequeno 12
VIGO, Praza da Constitución, 12
Sucursales na Cruña: Estreita de San Andrés, 12
Praza de Azcárraga, 4-San Agustín, 22
Sucursal en Vigo: Circo núm. 5

Todal-as nosas sucursales ostentan un letrado como sinal, que reproduce a marca de garantía xa coñecida.
Recíbense encargos de fora, y-espídense por medio das nosas sucursales. Si no lugar onde vostede reside non-a hay, sírvase manifestarnos seus desexos de mandárenos os seus encargos.

Os viños e coñas millores
son os que se porta a casa PEDRO DOMEQ de **Xerez Fronteira**, fundada en 1734. A casa máis antiga de Xerez.

O vermouthe máis selecto de mundial e reconocida sona é o **Cinzano** (Torino).

Pra viños de mesa non hai outros com'os dos cosecheiros esportadores señores **R. López de Heredia** (Haro)

Casa Central: PLAZA DA EQUITATIVA-MADRID

Representante esclusivo (matriculado) de todas estas marcas:

JOSÉ C. JUNCOSA
Galera 39 e 41 - 2.º piso - A Cruña

PAULINO FREIRE
BOUZAS-VIGO

Sucursales: en CRUÑA--FERROL

Redes d'algodón pra tarrafa.
Aparellos, armados e en panos, pra barcos pesqueiros.
Malletas de abacá e cáñamo alquitranado.
Cables de aceiro, ingleses.
Aceites minerais e vexetaes, e surtido completo pra maquinaria e pesca.

—= Santa Lucía, 26 e 28 - A CRUÑA =—

"Patente-Salvavidas"

O millor pra pintar os fondos dos barcos. Ganou Diroma de Honore, Gran premio e medalla de ouro nas Exposicións de París-Londres.

REPRESENTANTE

F. Bertran e Mirambell
VIGO-CRUÑA

O Café Novo
Urzáiz, II -- BAYONA

O DIPUTADO POR VEIRAMAR
Novela de Gonzalo López Abente

Esta interesante e modernísima novela, en idioma galego, está posta a venda nas principais librerías de Galicia.

PRECIO: 8 REAS

Véndese—Na Cruña, Administración; «A Nosa Terra», e Irmandade da Falá.—Ferrol, Librería de Comadira e de Gerardo Castro, en Lugo.

Leutores:

Quen queira ter un traxe bo, xeitoso e que lle coste pouco diñeiro, que o faga na Xastrería de

Xosé Varela da Costa
Rúa do Circo, 16-VIGO

LA SALUD
CASA DE BAÑOS
A MILLOR DA CRUÑA
Avenida de Rubine, 22 (Riazor)